



Prezada profesora/ Prezado profesor:

Como todos os anos abrimos o prazo de solicitude para participar nas comisións delegadas (CD) e nas comisións de avaliación (CA) das probas de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

Do mesmo xeito que o curso pasado, faremos a inscrición de xeito electrónico a través da dirección Web que figura ao final desta mensaxe que contén información importante sobre distintos cambios que se producen nesta convocatoria de 2020.

No caso de que desexes participar debes ter en conta o seguinte:

1.- As probas e a avaliación dos exames realizaranse nas seguintes datas:

Xuño:	<u>Probas</u>	días 9, 10 e 11 (martes-mércores-xoves; tarde do xoves reservada para posibles incidencias)
	<u>Recollida de exames:</u>	día 12 (venres)
	<u>Entrega de exames corrixidos:</u>	días 17 ou 18 (mércores ou xoves)
Xullo:	<u>Probas</u>	días 7, 8 e 9 (martes-mércores-xoves; tarde do xoves reservada para posibles incidencias)
	<u>Recollida de exames:</u>	día 10 (venres)
	<u>Entrega de exames corrixidos:</u>	día 15 (mércores)

2.- As Comisións Delegadas constituiranse os luns días 8 de xuño e 6 de xullo ás 18:00 horas nas sedes onde se celebran as probas.

Os/As vogais das Comisións de Avaliación deberán asistir obrigatoriamente ás reunións que convocará o/a Director/a de cada materia coa finalidade de recibir as instrucións sobre os criterios específicos de corrección (venres días 12 de xuño e 10 de xullo, na sede da CiUG).

3.- O nomeamento de vogais das Comisións de Avaliación (CA) e Comisións Delegadas (CD) farase para cada unha das convocatorias.



4.- Os/As vogais das Comisións delegadas deberán colaborar en todas as tarefas de vixilancia que lles sexan encomendadas polo/a Presidente/a da Comisión.

5.- As retribucións que percibirán os membros das Comisións en cada convocatoria para o presente curso son 435 € para os vogais das CA e 335 € para os vogais das CD.

6.- Cando un membro forme parte dunha Comisión de Avaliación e dunha Comisión Delegada, a retribución que percibirá será o 90% da suma das gratificacións que lle corresponden pola súa colaboración en cada comisión.

7.- Na elección de vogais para unha e outra comisión (xuño e xullo), terase en conta dun xeito favorable que o/a solicitante desexe participar en ambas comisións. Do mesmo xeito, unha vez feitos os nomeamentos, a renuncia a participar nunha das comisións farase extensiva para a outra.

8.- Pódese solicitar formar parte da Comisión de Avaliación das seguintes materias:

Artes Escénicas (2º), Bioloxía (2º), Cultura Audiovisual II, Debuxo Técnico II, Deseño (2º), Economía da Empresa (2º), Física (2º), Francés II, Fundamentos da Arte II, Grego II, Historia da Arte (2º), Historia da Filosofía (2º), Historia de España (2º), Inglés, Latín II, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura. II, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas á Ciencias Sociais, Química (2º), Xeografía (2º), Xeoloxía (2º).

9. É imprescindible non estar incurso/a, durante este curso, en causa de abstención das previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do 26 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (Punto segundo do artigo 23 da lei 40/2015 do 1 de outubro)

2. Son motivos de abstención os seguintes:

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan*



no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.*
- d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.*

Para facer a túa inscrición debes cumprimentar o formulario ao que pode acceder na seguinte ligazón antes do 15 de febreiro:

https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=DQSIkWdsW0yxEjajBLZtrQAAAAAAAAAAAAAN_ijIqBhUNIZXUE1USUM4QUVQT0dSNVowNOVZNDhLTi4u

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Iván C. Area Carracedo
Presidente da CiUG